

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021/22

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NAS ACTIVIDADES:

A empresa AA40ESTUDO, ANPA e a Asociación Banda de Gaitas de Forcarei serán as encargadas de impartir as seguintes actividades extraescolares:

- ✚ **Robótica Educativa:** Luns de 16.00 a 17.00 horas.
Asistentes na actualidade 9 participantes.
Espazo asignado: a aula de 1º de Educación Primaria.
- ✚ **Pintura creativa e manualidades:** Martes de 16.00 a 17.00 horas.
Asistentes na actualidade 11 participantes.
Espazo asignado: a aula de 1º de Educación Primaria.
- ✚ **Zumba:** martes de 16.00 a 17.00 horas.
Asistentes na actualidade 22 participantes.
Espazo asignado: o salón de actos
- ✚ **Música:** Mércores de 16.00 a 18.30 horas.
Asistentes na actualidade 20 participantes.
Espazo asignado: a aula de música e o salón de actos.

O **emprego de máscara será obrigatorio**, tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes, segundo o establecido na *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade* (preferiblemente hixiénicas ou cirúrxicas) como indican as diferentes recomendacións dispoñibles na páxina **coronavirus.sergas.gal**.

Cómpre ter en conta que non se permitirá a entrada á instalación e polo tanto a participación nas actividades de ningunha persoa que:

- **Sexa diagnosticada positiva por COVID-19.**
- **Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID- 19 durante os 14 días previos á súa participación.**
- **Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia**

interpersoal con algunha persoa afectada por COVID- 19.

ACCESO E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

O acceso e saída das actividades realizarase de xeito gradual para cumprir coa a distancia de seguridade.

Indicaráselle aos pais/nais que manden aos nenos/as con máscaras limpas ás actividades, se é posible que lles manden **una nova nas mochilas para o uso na extraescolar**. No centro haberá unha caixa de máscaras novas por se se detectase que algún menor non o cumpre.

Antes de entrar nas mesmas deberase realizar unha **adecuada hixiene das mans, empregando a solución hidroalcohólica** que se atopará na entrada.

Manterase a **distancia interpersoal de seguridade e respectaranse as normas hixieno-sanitarias en todo momento**. Indicar que durante o desenvolvemento da/s actividade/s, o persoal monitor/a velará por que os usuarios/as manteñan a necesaria distancia social entre eles e elas, que se manteña máscara posta en todo momento se leve a cabo a correcta desinfección, tanto das mans como do material existente mentres se produza a actividade, e unha correcta ventilación.

No caso de ter que facer uso dos patios e dos servicios , utilizarán os mesmos que teñen asignados no centro. Os usuarios que pidan ir ao baño poderán acudir sempre de un en un. Incidirase no lavado de mans antes e despois do seu uso.

Nas vías de circulación e nas escaleiras da entrada ás aulas seguirase o mesmo sentido de circulación que os vehículos na calzada, polo que se deberán facelo polo lado dereito de un en un, o máis próximo posible ao extremo da vía de circulación ou das escaleiras e mantendo a distancia de 1,5 metros.

Todas estas indicacións serán fundamentais **para manter en todo momento os grupos de convivencia estable establecidos no centro** (agrupamentos burbulla segundo o seu nivel).

HIXIENE E LIMPEZA

O **persoal encargado** de realizar cada actividade **chegará 15 minutos** antes do inicio para proceder coa limpeza e **desinfección xeral previa ao inicio da clase**. Farase das cadeiras e mesas que se empreguen. Este proceso de desinfección repetirase de novo **ao remate** da actividade.

Esta acción non substituirá, en ningún caso, a desinfección diaria dos materiais ocupados cuxa limpeza se verá reforzada.

Intentarase que os/as menos/as compartan o mínimo posible o material. Na actividade de robótica, mentres se manteña un grupo pequeno, cada neno/a terá o seu ordenador e kit de robótica asignado, estará numerado e usarán sempre o mesmo. Haberá veces en que vaian por parellas pero só nos casos en que os menores pertencen ao mesmo grupo de convivencia estable (“grupo burbulla”).

Na actividade de pintura creativa e manualidades intentarase empregar o máximo material individual (como os pinceis, tesoiras, ...) na medida do posible.

AS PERSOAS PARTICIPANTES

Ademais de todos os requisitos anteriormente expostos os nenos/as participantes nas diferentes actividades deberán velar, en colaboración co seu equipo de monitorado, polo súa correcta hixiene persoal, incrementando o lavado habitual de mans, evitando coller pertenzas alleas e a través dun correcto uso das instalacións, aulas e zonas comúns e de paso.

As familias do alumnado participante **non poderán entrar no centro**. Ao finalizar a actividade as familias esperarán no portalón da entrada de autobuses ao alumnado co obxectivo de reducir a entrada a persoal alleo á instalación e limitar ao mínimo imprescindible a súa permanencia no centro.

Incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección, polo que ante calquera síntoma vinculado coa COVID-19, será necesario que o comuniquen á persoa responsable da actividade. Ademais o persoal encargado da actividade

(profesores/monitores) debe poñerse en contacto coas persoas participantes, ao inicio e tamén durante o tempo que dure o curso, para coñecer o seu estado de saúde e saber se estiveron expostas a risco de contaxio.

Para calquera cuestión referida ás actividades contactar con:

- Isabel: (zumba, pintura, robótica).
- José Antonio : 630 44 47 81 (música).

En Forcarei, 30 de setembro de 2021